

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOIY	<i>Expediente</i> CON/67/2014	<i>Fecha</i> 09-03-15 08:32

Número 9 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato de "Reforzo de firme na vía pública a Avieira (César).PLAN DTC93".

Destinatario

15078DCMGZIOIY'



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 9 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "REFORZO DE FIRME NA VÍA PÚBLICA A AVIEIRA (CÉSAR) .PLAN DTC93" .

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 26 de febreiro de 2015, do director técnico de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe nº 2015/97 de data 3.3.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Xeral Municipal, no que se deixa constancia de que a aplicación orzamentaria correcta é a 050 15320 61900.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: Reforzo de firma na vía pública a Avieira (César). PLAN DTC93.

ASUNTO: Adxudicación do contrato.

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOIY	<i>Expediente</i> CON/67/2014	<i>Fecha</i> 09-03-15 08:32

Primeiro: Con data 18-12-2014 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis ventaxosa das presentadas é a do licitador EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 19-12-2014 requírelle para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 22-01-2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requerimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de data 18-12-2014 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa MARCONSA MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L por non aportar, de acordo co prego de aplicación, o esixible sobre nº 2 contendo as referencias técnicas da súa oferta.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por un importe de 35.105,29 euros (IVE aparte 21%: 7.372,11euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15500 61900."

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOIY	<i>Expediente</i> CON/67/2014	<i>Fecha</i> 09-03-15 08:32

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa MARCONSA MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L por non aportar, de acordo co prego de aplicación, o esixible sobre nº 2 contendo as referencias técnicas da súa oferta.

SEGUNDO: Adjudicar o contrato de referencia a favor de **EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA**, por un importe de 35.105,29 euros (IVE aparte 21%: 7.372,11euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15320 61900**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

